

# Unha estación rupestre nas Mariñas de Betanzos: As Travesas (Vigo, Paderne, A Coruña)

ALFREDO ERIAS\*  
ANDRÉS PENA\*\*

**A**s vellas terras de Nemitos, Prucios e Bezoucos da comarca das Mariñas, e as de Trasancos, Labacengos e Arros, tamén de ámbito cultural mariñán, parecían ata agora virar as costas ós gravados rupestres.

Mais esta aparente excepción xeográfica é unicamente debedora da falla de estudos e prospeccións sistemáticas na extremadela galega noroccidental.

Entre o lugar das Travesas e Xotre da parroquia de San Xiao de Vigo (concello de Paderne, A Coruña) faláronnos dunha finca pechada de muralla que tiña unha cova "cunha pedra cavada por dentro e era dos mouros".

Aló fomos os que aquí escribimos na compañía do noso admirado e querido Profesor D. Luis Monteagudo, ata atopa-lo dono. Presentámonos, el é D. Segundo Ares, coñecía a un de nós, Alfredo Erias, e invitounos a pasar: veciño de Betanzos, mercara esa finca para facer nela un lugar de residencia había uns anos.


Dentro xa, cerca da entrada metálica descansaba un bloque de granito de varios metros de altura e moitas toneladas de peso: un pelouro enorme colocado a propósito sobre a herba. O propietario da finca contounos que o mercara nunha canteira próxima, no lugar de Loureiro, "porque a pedra era bonita e dábame pena que a desfíxeran", dixo.



*Gran pedra granítica con numerosas  
cazoletas na cima.*

\* Alfredo Erias é Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago e funcionario do Concello de Betanzos, sendo director do Arquivo, Biblioteca, Museo das Mariñas e Anuario Brigantino.

\*\* Andrés Pena é Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago e arqueólogo municipal de Narón (A Coruña).



Plano de situación (Escala 1:10.000) da zona que comprende a estación rupestre das Travesas en San Xiao de Vigo (Paderne, A Coruña) e que está perto do río Mandeo, que se ve na parte inferior.  
 Coordenadas xeográficas: 43° 16' 11" 83 - 8° 08' 19" 73.  
 Coordenadas UTM: 4791240 - 569889.  
 Altura sobre o nivel do mar: 170 m.

Unhas escaleiras de cantería exentas, feitas por el, permitíronnos o acceso á parte alta da rocha monumental. D. Segundo Ares díxonos: "fixenlle estas escaleiras para que se poidera ver como está traballado todo por riba cuns buratiños".

A sorpresa que produce a idea de que unha pedra de tales dimensións fora trasladada ata alí dende un monte só porque era "bonita" quedouse curta ó ve-la serie de gravuras do tipo *laciculli* ou cazoletas sobre a superficie plana, coma unha mesa da grande rocha.

Un home do pobo, sen reparar en gastos, e sen ter conciencia de que aquilo era unha peza importante do noso patrimonio, salvou nada menos que uns petroglifos milenarios da súa destrución: a sensibilidade da nosa xente da ás veces, afortunadamente, unha lección a institucións e especialistas.



*Mesa de ofrendas do Neolítico Final de San Xiao de Vigo.*

Pero a sorpresa non se quedou aí, porque máis abaixo, no fondo occidental-norte da finca, amosounos unha enorme pedra de cantería, que estivo alí sempre e que ten debaixo, cara ó norte, a famosa cova de que nos falaran.


A luz rasante do solpor rozaba aquela grande laxe de superficie considerablemente plana, e dimensións aproximadas 610 cm. N-S e 635 E-W, con caída a occidente (cara ó Monte de Espenuca, que está perto dalí ó outro lado do Mandeo), e nela vimos claramente un grupo extraordinario de círculos concéntricos e cazoletas que cubrían a case totalidade da rocha: estabamos, sen dúbida, diante dos petroglifos máis antigos de que se tiña noticia nas Mariñas de Betanzos. Era, probablemente, unha mesa de ofrendas do Neolítico Final, datada arredor do 3000 a. C.

A cronoloxía tan temperán pode establecerse por mor de que é frecuente na fachada Atlántica de Europa atopar mámoas con petroglifos que presentan combinacións circulares. Éstes foron arrancados destas mesas, verdadeiros altares, e aparecen no interior das cámaras de pedra e tumbas deste período cunha intencionalidade relixiosa.

En Guitiriz, nunha mámoa excavada, apareceron petroglifos con círculos concéntricos no lugar de O Buriz, nunha campaña realizada polo Profesor González Reboredo, amosando a existencia en Galicia desta práctica, que ten como contrapunto a costume medieval de arrancar anacos dos altares de pedra das igrexas para estar en contacto co sagrado.

Por outra banda, o gran desgaste da rocha e a conseguinte pouca fondura dos círculos, que só se ven ben con luz rasante, é un dato máis que nos leva á maior antigüidade dentro dos petroglifos galegos coñecidos, que todos eles se enmarcan cronolóxicamente na transición que vai do III<sup>o</sup> ó II<sup>o</sup> milenio<sup>1</sup>.

<sup>1</sup>PEÑA SANTOS, Antonio de la e REY GARCÍA, José Manuel. "El espacio de la representación. El arte rupestre galaico desde una perspectiva territorial". En: *Pontevedra, Revista de Estudios Provinciais*, nº 10-1993, 11 e ss.




*Dúas perspectivas dos petroglifos de San Xiao de Vigo.*



Baixo a rocha plana, situada sobre unha pendiente e encabalgada sobre outros penedos, estaba aquela "cova dos mouros" onde acostumaban a se abrigan os nosos vellos informantes cando na mocidade levaban o gando ó monte e chovía. O teito do refuxio ou abrigo, e dicir a parte inferior da gran laxe, amosaba uns furados semiesferoides espectaculares, producidos pola erosión da auga.

\*\*\*



A análise dos topónimos do lugar e entorno do xacemento rupestre (*As Travesas*; *Pumares*, ó norte da estación; *Covacha*, *Loureiro*, ó leste; *Chaos*, ó sul) non revela aparentemente nin a presenza nin o carácter da estación. O folclore é escaso por seren os informantes xente instalada na súa nenez no lugar, e, polo tanto, sen tradición familiar local.

Marchamos satisfeitos. O dono da finca mantén o conxunto en perfecto estado. Gostábanlle aquelas pedras e góstanlle máis agora que sabe que ten alí un verdadeiro museo ó ar libre.

Ogallá que o mesmo sol que leva erguéndose cinco mil anos sobre estes petroglifos poida alumalos outros tantos máis.

Inmediatamente preparamos un informe para a Dirección Xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia e aquí queda dada esta boa nova.